

HACIENDO

LEITE 100% GALEGO

UNHA APOSTA POLA CALIDADE

A EMPRESA LEITE NOSO, FORMADA POR GANDEIROS GALEGOS, COMERCIALIZA AS MARCAS DELEITE E MUU



O sector lácteo galego representa un 2% do

Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia, similar ao sector pesqueiro ou ao conxunto da cadea da madeira, e é o alicerce da economía en numerosas concellos, principalmente nas provincias da Coruña e Lugo. Galicia produce o 38% do leite de España, pero soamente representa o 16% das vendas do sector lácteo español e o 10% do emprego. A razón: a gran maioría dos 2,6 millóns de toneladas de leite que se producen en Galicia son destinadas a envasar como leite líquido, un produto de baixo valor engadido e cuxo consumo está en retroceso, sen visos de que se volva recuperar. No ano 2016 o 44% do leite galego enviouse directamente en cisternas para transformar noutras Comunidades. Trátase dunha porcentaxe en aumento o que fai preciso apostar pola reindustrialización láctea e por adoptar estratexias de revalorización do leite. Conscientes do anterior os produtores, a parte máis dinámica do sector, fixeron nos últimos anos un enorme esforzo de modernización acadando unha alta especialización, están dispostos a implicarse nos proxectos industriais de transformación e comercialización do leite, xa que iso permiti-



Galicia produce o 30% do leite de España, pero so representa o 16% das vendas do sector lácteo español e o 10% do emprego

ralles obter mellores retribucións en épocas de bos prezos e resistir mellor os períodos de crises. É en ese contexto no que nace Leite Noso, unha sociedade participada exclusivamente por gandeiros por gandeiros de Lugo e A Coruña, que, coa vontade de garantir a produción e a comercialización do leite a un prezo xusto, contribuíndo a dar continuidade ao sector, asumiron a responsabilidade de participar directamente no proceso de transformación e comercialización do leite. Isto marcou un fito histórico na nosa terra, xa que son os propios gandeiros os que

asumen a responsabilidade de comercializar o leite de forma directa, á marxe da intermediación da industria alimentaria. Sen intermediarios, pero cuns obxectivos ben claros: a calidade do leite, uns prezos xustos, a estabilidade contractual, compromiso social, compromiso coa lingua e coa cultura de Galicia. Deleite é algo máis que leite galego de calidade. Leite Noso, sacou o mercado galego de novo, en maio de 2016 a marca Deleite galego, que fabrica e envasa na planta de Outeiro de Rei (Lugo). En decembro do mesmo ano lanzou as variedades de leite sen lactosa e a mediados de 2017, acadou un acordo inicial, coa distribuidora, de implantación a nivel estatal da marca Muuu. Ambas marcas, Deleite e Muuu, son leite galego cen por cen. Leite Noso está en crecemento, incorporando na súa recollida a varias cooperativas galegas, mantendo acordos de colaboración con outras e traballando no desenvolvemento de outros produtos.

GALICIA



CALIDADE DO LEITE

Deleite só recolle leite que cumpre cuns estritos parámetros hixiánicos e de calidade, que son máis esixentes que os permitidos pola normativa. E esa calidade orixinal da materia prima poténciase cos procesos de envasado e tratamento mediante de inxección directa de vapor, que lle permite conservar as súas propiedades e sabor orixinal. A súa premisa de ofrecer un leite de calidade plásmase na certificación interna de todas as granxas proveedoras, á que se lles esixe o coidado de aspectos como o benestar animal, instalacións axeitadas e o bo manexo.

PREZOS XUSTOS

Deleite, por responsabilidade social, ten o compromiso de respectar prezos xustos para os produtores. Un compromiso que destaca por terse adquirido nunha etapa na que se vivía a maior crise de prezos no sector lácteo. De feito, os gandeiros, levados a vender moi por debaixo dos seus custos de produción ou con serios problemas para ter garantida a venda do seu leite, son a maior prioridade para Leite Noso á hora de facer novas incorporacións na recollida da materia prima.

CONTRATOS ESTABLES

Unha vez máis Deleite rompeu con outra das dinámicas que lastraban o sector en Galicia: a inestabilidade dos contratos. Dende Leite Noso apostaron dende o primeiro momento por ofrecer unha estabilidade contractual, de duración anual, coas explotacións proveedoras, así como a garantía de recollida do 100 % da produción ao mesmo prezo. Unhas condicións que desde logo eran e seguen a ser pouco habituais en Galicia.

COMPROMISO COA CULTURA GALEGA

Deleite ven demostrando dende o seu nacemento o seu compromiso coa cultura galega, en todos os seus ámbitos, así como a vocación solidaria da súa marca. Entre outras accións, instaurou a celebración anual do Festival do Leite encamiñado a difundir a importancia social, económica e cultural do sector lácteo, así como os beneficios do consumo de leite, da man da mellor música.

Deleite é a primeira marca de leite de longa duración que etiquetou o seu produto integramente en galego. Deleite colabora activamente literatura, co teatro, co cinema...coas artes e co deporte galego.

COMPROMISO SOCIAL E CO MEDIO AMBIENTE

Leite Noso, coas as súas marcas Deleite e Muuu, é un proxecto de compromiso coa sociedade e co territorio do que forma parte, tentando darlle soporte económico e social e axudar a asegurar o futuro non só do sector lácteo galego, senon do rural galego, implicándose no coidado do seu entorno coa filosofía dos produtos de proximidade.



Descárgate el pdf en:
www.elcorreogallego.es

DELEITE: 100 % NOSO



Deleite comercializa distintas variedades de leite adaptadas aos gustos e necesidades do consumidor: leite enteiro, semidesnatado, desnatado, desnatado sen lactosa e sen lactosa semidesnatado. A diferenza entre o enteiro, semidesnatado e desnatado é a porcentaxe de materia graxa que conteñen. Gracias a leite sen lactosa as persoas que padecen unha intolerancia a este

azucre, poden seguir consumindo leite sen renunciar aos seus beneficios.

Deleite comercialízase, ademais das pequenas tendas e comercios de proximidade, nas mellores cadeas de distribución: Vegalsa Eroski, Carrefour, Alcampo, El Corte Inglés, Grupo Cuevas, Le Clerc...

Muuu comercialízase, nas mesmas variedades que Deleite, fora de Galicia.

